

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A EXTINTA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA, A DIÓCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONCELLO DA ESTRADA PARA A RESTAURACIÓN DO RETABLO PRINCIPAL DA IGREXA DE SANTO TOMÉ DE ANCORADOS- A ESTRADA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral de técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que a extinta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades asinou o 27 de marzo de 2024 un convenio coa Diócese de Santiago de Compostela e o Concello da Estrada para a restauración do retablo maior da Igrexa de Santo Tomé de Acorados, na Estrada. A Diócese de Santiago de Compostela como titular do ben inmovible ostenta a condición de beneficiario final da subvención concedida e pon aquel a disposición do concello para a execución das actuacións de acondicionamento da Igrexa de Santo Tomé de Acorados.

Que con data 29 de novembro de 2024 asinouse a primeira addenda ao convenio, motivada por quedar deserto o procedemento de licitación do contrato do servizo de restauración do retablo maior da Igrexa de Santo Tomé de Acorados.

Estase tramitando a segunda addenda ao convenio para ampliar o prazo de xustificación do convenio. A través desta addenda se modifican as cláusulas terceira, novena e décimo quinta do convenio asinado o 27 de marzo de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre a actual Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Diócese de Santiago de Compostela e o Concello da Estrada para a restauración do retablo maior da Igrexa de Santo Tomé de Acorados, na Estrada. A Diócese de Santiago de Compostela como titular do ben inmovible ostenta a condición de beneficiario final da subvención concedida e pon aquel a disposición do concello para a execución das actuacións de acondicionamento da Igrexa de Santo Tomé de Acorados.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Este convenio implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da



Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, xa que esta entende que é de interese público colaborar para a execución do obxecto deste convenio, de xeito que se garanta a rehabilitación do retablo maior da Igrexa parroquial de Santo Tomé de Acorados.

No que respecta a imposibilidade de promover a concorrência, e ao abeiro do disposto no citado artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, concorren neste suposto causas que dificultan a súa convocatoria pública, xa que as particularidades dos distintos bens integrantes do patrimonio cultural dificultan "a priori" o establecemento dunhas bases comúns para a concesión dunha subvención.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

